

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de outubro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado sete de outubro de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/C/55/13.-

Visto o escrito presentado por **Dona Rosa Díaz Pérez**, con domicilio na Estrada N-120 nº 46, en Ventosela, onde solicita Licenza de Obras que consisten na Rehabilitación de terraza e escaleira existente en vivenda unifamiliar, sita na Estrada N-120 nº 46, en Ventosela, segundo Proxecto Básico e de Execución redactado polo arquitecto Don José Valentín Rodríguez Covela.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 8 de outubro de 2013 e informe xurídico de data 11 de outubro de 2013, no que se conclúe o seguinte:

Infórmase favorablemente o outorgamento da licenza de obras a nome de Dona Rosa Díaz Pérez, debendo cumprirse os condicionados do informe técnico e da Autorización da Dirección Xeral de Estrada do Ministerio de Fomento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza de Obra para Rehabilitación de terraza e escaleira existente en vivenda unifamiliar a Dona Rosa Díaz Pérez, na Estrada N-120 nº 46 (Ref. Catastral 000907400NG78C), en Ventosela.



1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordinábase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación de terraza e escaleira existente en vivanda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 8.800,00 €.

Situación e emprazamento das obras: Estrada N-120 nº 46, en Ventosela.

Redactor do proxecto: Don José Valentín Rodríguez Covela

Dirección de obras: Non consta.

Nome ou razón social do promotor: Dona Rosa Díaz Pérez.

Prazo: O prazo de inicio das obras é de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 22/07/2013, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 228,80 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 8.800,00 euros, practícase liquidación aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

| | | |
|--------------------------------------------------------|---------------|----------|
| Importe execución material / coste da obra: | 8.800,00 € | |
| Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€): | 228,80 € | |
| Aboado por autoliquidación: | 228,80 € | 22-07-13 |
| Cantidade que deberá aboar adicionalmente: | 0,00 € | |

Outras condicións:

- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 8 de outubro de 2013:
 - o **Debéndose cumprir o disposto na Autorización da Dirección Xeral de Estrada do Ministerio de Fomento** (da que se adxunta copia).
 - o Antes do inicio das Obras deberá presentarse o Oficio de Técnico Director das Obras e Coordinador en materia de Seguridade e Saúde, así como unha copia do “Proxecto Básico e de Execución”.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Ignacio Losada Rivas con data RE 10 de outubro de 2013 N° RE 5056, relativo a denuncia da situación do parque empresarial, no que hay camións ocupando a entrada a súa parcela, e na zona de aparcamiento, camións estacionados con carácter permanente, e pedras e outros desperdicios.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don César Touza García**, con domicilio na Rúa Portalaxe 12, en Francelos, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Portalaxe 12, en Francelos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 03-10-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Don David Vales González**, con domicilio na Carretera da Veiga 41, en San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Carretera da Veiga 41, en San Cristovo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 29-08-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa



polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **SILAS DULCES ARTESANOS, S.L.L.**, con domicilio no lugar de Ventosela 19, baixo, en Ventosela, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para industria sita no lugar de Ventosela 19, en Ventosela, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 03-10-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-


A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 9 de outubro de 2013 Nº RE 5036, relativo a “Expediente de autorización para la rehabilitación de una vivienda en zona de policía del río Avia, término municipal de Ribadavia (Ourense).
2. Comunicación do Concello de Carballeda de Avia con data RE 8 de outubro de 2013 Nº RE 5012, relativo a remisión do acordo adoptado polo Pleno, no que se aproba unha moción de apoio da Corporación aos agricultores da denominación de orixe Ribeiro.
3. Comunicación da Dirección Xeral da Guardia Civil con data RE 8 de outubro de 2013 Nº RE 5013, relativo a Acta-inspección por infracción da normativa sobre sanidade e medio ambiente de taller privado.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

RESOLUCIÓN do 5 de setembro de 2013 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de aforro enerxético e fomento das enerxías renovables promovidos polos Concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

O abeiro da RESOLUCIÓN do 5 de setembro de 2013 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para



proxectos de aforro enerxético e fomento das enerxias renovables promovidos polos Concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Acollerse a devandita Resolución acordando solicitar a correspondente axuda regulada nesta Resolución.
- 2º.- Prestar aprobación o proxecto denominado “Sistema Solar Térmico para produción de AQS para pavillón polideportivo municipal”, redactado polo enxeñeiro agrícola D. Pablo Rojo Losada, por importe de 46.942,69 euros.
- 3º.- Poñer a disposición o inmovible onde se vai a executar o proxecto durante un periodo mínimo de cinco anos.

SOLICITUDE DE SUBVENCION O ABEIRO DA ORDE DO 24 DE SETEMBRO DE 2013 PARA ESCOLAS DE MUSICA NON DEPENDENTES DA CONSELLERIA.-

O abeiro da Orde do 24 de setembro de 2013 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e en particular o artigo cuarto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.
- 2º.- Que se cumpriu a finalidade da subvención e toma de razón en contabilidade.
- 3º.- Que non se recibiron outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

XUSTIFICACION DA SUBVENCION CONCEDIDA PARA A PROMOCION DO USO DA LINGUA GALEGA.-

O abeiro da Orde do 5 de Febreiro de 2013, da Secretaria Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.
- 2º.- Que se cumpriu a finalidade da subvención e toma de razón en contabilidade.
- 3º.- Que non se recibiron outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

